

8.º Premio Meiga Moira

DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2018

Baía Edicións convoca o premio de creación literaria infantil-xuvenil, que se rexerá polas seguintes

BASES:

Primeira

Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega (de conformidade coas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* aprobadas pola RAG) de obras de creación literaria dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. As obras deberán ser inéditas e non premiadas.

Se no período de tempo transcorrido entre a presentación do orixinal e o ditame do xurado a obra obtén outro premio ou é publicada, a autoría vese obrigada a comunicalo á editorial e non poderá recibir este premio.

Segunda

O orixinal, escrito en letra Times, corpo 12 e a dobre espazo, enviarase xunto con seis copias debidamente encadernadas a:

BAÍA EDICIÓN
Polígono Pocomaco, 2.ª Avda.
Parcela A2 / Nave 52.
15190 A Coruña.

O prazo de recepción de orixinais remata o 17 de Maio de 2018.

Terceira

Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra e grupo de idade ao que vai dirixida (8 a 12 anos ou 12 a 16), indicando no mesmo: Premio Meiga Moira 2018.

Cuarta

O premio, que poderá quedar deserto, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de **2.500 euros**.

Os posíbeis accésit contarán cunha dotación económica de **1.000 euros**.

As obras premiadas serán publicadas por Baía Edicións na súa colección *Meiga Moira*, renunciando as persoas gañadoras aos dereitos de autoría da primeira edición. No caso de realizarse posteriores edicións, estas rexeranse polo modelo de contrato de autoría propio de Baía Edicións.

A autoría das obras premiadas comprométese a participaren nos actos de promoción que organice a editorial.

Quinta

O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará, asemade, como secretaria.

Sexta

A resolución do xurado darase a coñecer o 19 de setembro de 2018.

Sétima

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

Oitava

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como as decisións do Xurado, que serán inapelábeis.

A Coruña, xaneiro de 2018

Premios Meiga Moira

2004. *O lume dos soños*,
de Cibrán Ulloa (Gañadora)

2004. *Un marciano neste mundo*,
de Conchi Regueiro (Finalista)

2006. *Lóbez*,
de Antonio Yáñez Casal (Gañadora)

2006. *Os sons da buguina*,
de Carlos Labraña (Finalista)

2006. *Unha cabana na Lúa*,
de Jaureguizar (Finalista)

2008. *Os globos de andar*,
de Xavier López Rodríguez (Gañadora)

2010. *Violeta Tamurana*,
de Andrea Maceiras (Gañadora)

2012. *Bandeiras negras*,
de Ana María Galego Gen (Gañadora)

2014. *Miña querida Sherezade*,
de Andrea Maceiras (Gañadora)

2016. *Denébola a Roxa*,
de Héctor Cajaraville (Gañadora)



BAÍA EDICIÓN

www.baiaedicions.gal